



Departamento de Fundamentos de composición

Programación de Historia da Música de 4º e 5º GP

Curso 2022-2023

CMUS PROFESIONAL DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1, 32500 - O Carballiño (Ourense)

Tlfn.: 988 53 00 07 / Fax: 988 53 00 08

cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal

Índice

1. Introducción	3
2. Obxectivos xerais das ensinanzas	3
3. Obxectivos específicos da materia	4
4. Metodoloxía	4
5. Atención á diversidade	7
6. Temas transversais	7
6.1. Educación en valores	7
6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)	9
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	10
8. Secuenciación dos cursos	11
8.1. Curso 4º Grao Profesional.....	11
8.1.1. Obxectivos	11
8.1.2. Contidos.....	12
8.1.3. Avaliación.....	13
8.1.4. Medidas de recuperación	19
8.1.5. Recursos didácticos	20
8.2. Curso 5º Grao Profesional.....	23
8.2.1. Obxectivos	23
8.2.2. Contidos.....	24
8.2.3. Avaliación.....	25
8.2.4. Medidas de recuperación	31
8.2.5. Recursos didácticos	32
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	37
10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	38
11. Anexos	39
11.1. Probas de acceso 5º de grao profesional	39
11.2. Probas de acceso a 6º de grao profesional	41

1. Introducción

A materia de “Historia da Música” integrada nos cursos 4º e 5º do Grao Profesional ten como finalidade principal introducir ó alumno no descubrimento da existencia dun extenso abanico de estilos e de diferentes xeitos de concibir a creación musical. A través destes coñecementos resultaralles máis sinxelo abordar outras materias, como “Análise” e “Harmonía”, e ampliar a súa comprensión.

De igual xeito, permite aproximar ós alumnos unha visión do feito musical como fenómeno histórico, cultural e estético, ampliando a perspectiva musical do intérprete. A finalidade da materia de Historia da Música, ó igual que o resto das ensinanzas profesionais de música, é dobre:

- Ten a función de afianzamento e a ampliación de coñecementos teóricos.
- Organízase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas

A ensinanza da Historia da Música no Grao Profesional debe ter como obxectivos xerais contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do

fenómeno musical.

- e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

3. Obxectivos específicos da materia

Os obxectivos específicos sinalados para a materia de Historia da Música comprenden:

- a) Identificar a través da audición de obras dende a Antigüidade ata a actualidade e as súas características máis salientábeis.
- b) Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade á Idade Contemporánea.
- c) Comentar exemplos iconográficos representativos da Antigüidade, Idade Media e Idade Moderna con referencias musicais.
- d) Comentar textos relativos á materia dende a Antigüidade ao século XX, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
- e) Reflexionar de xeito individual ou colectivo sobre algúns aspectos musicais, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz para elaborar traballos escritos de calidade.

4. Metodoloxía

A clásica concepción da materia de Historia da Música a través de conferencias teóricas ao máis puro estilo expositivo funde as súas raíces xa no século XVIII. O academicismo de *L'Encyclopédie* francesa e a alfabetización en masa trala Revolución Industrial propugnaron a xeneralización do tradicional modelo pedagóxico por exposición-recepción. Mais esta dinámica non cubre hoxe en día as demandas do noso alumnado, habituado a métodos de interacción máis operativos. En consecuencia, o concepto de mestre/relator como autoridade única que ten voz e voto na articulación dunha sesión pertence ao pasado, xa que desde hai tempo se veñen defendendo novos enfoques educativos máis participativos, eficaces, instrutivos e

estimuladores.

Conceptos como aprender facendo, educación personalizada, aprendizaxe social, aprendizaxe por proxectos ou por tarefas xa foron formulados por pedagogos tan coñecidos como Dewey, Montessori, Vygotsky, Freinet, Freire, Decroly ou Piaget, entre outros. Moitos destes pedagogos xa nos deixaban claro que o alumnado ten que ser o protagonista da súa propia aprendizaxe para que o tempo empregado e os esforzos esgrimidos teñan unha auténtica lexitimidade.

Nese senso a loita construtivista de partir dos coñecementos conceptuais e experiencias previas do alumnado para que constrúa os seus propios coñecementos require dunha posta a punto doutras ideas como a reflexión crítica, as pontes cognitivas, os esquemas conceptuais, os mapas, a diferenciación progresiva, os conceptos inclusivos, a memorización comprensiva e a integración de contidos. Deste xeito, esta corrente asume que o coñecemento é unha construción mental, resultado da actividade cognitiva do suxeito que aprende, polo que queda implícita unha ontoloxía relativista e mesmo subxectiva, na liña das visións postmodernas.

A aplicación de novas metodoloxías ou técnicas debe ter presente a diversidade da aula de Historia da Música, xa que traballaremos con aprendices de idades comprendidas maioritariamente entre os 14 e os 20 anos, aínda que hai casos puntuais que os superan.

Mais a variedade de franxas cronolóxicas non é o único parámetro que nos impulsa a fomentar un ambiente de aula “pseudo-individualizado”, xa que as especialidades instrumentais e, por tanto, os intereses persoais de cadaquén serán variados. De aí que a aula de Historia da Música se teña que converter nun foro de ensinanza flexible, aberto e dinámico, para poder satisfacer non só os parámetros marcados polo currículo oficial, senón tamén para dar resposta ás inquiredanzas musicais de cada un dos nosos alumnos e alumnas.

Este escenario de adaptación constante vese tamén marcado polas necesidades especiais de cadaquén, tanto de aprendizaxe lento (por causas físicas ou psíquicas) como avanzado; por esta razón é tan importante descubrir e cultivar a diversidade dentro da aula para atender e potenciar os talentos individuais dun xeito efectivo.

A metodoloxía que se aplicará será, por tanto, activa –o propio alumnado é o protagonista da súa aprendizaxe, sendo o persoal docente un guía ou orientador–; e individualizada, xa que se adaptará a cada alumna e alumno no seu ritmo de aprendizaxe. As dificultades deben estar dosificadas axeitadamente para manter a ilusión e o ánimo de aprender do alumnado, polo que a metodoloxía tamén debe ser progresiva.

En consecuencia, a metodoloxía proposta debe facer fincapé nos seguintes puntos:

- Utilización dun vocabulario claro e conciso.
- Exemplificación de cada un dos conceptos que se pretenda explicar co fin de darlle á materia un enfoque práctico e utilitario.
- Realización frecuente de audicións comentadas, así como de análise de partituras musicais de cada período e estilo.
- Contextualización de todas as manifestacións musicais incluídas no programa dentro duns parámetros culturais precisos e fundamentais para entender a historia da cultura musical.
- Incitación á participación activa do alumnado para fomentar non só a aprendizaxe deste, senón tamén a súa autonomía.
- Realización diaria de esquemas, mapas conceptuais e sistemas visuais de asimilación de conceptos, empregando para iso aplicacións informáticas diversas, como as presentacións (Power Point, Prezi, Canva, Genially...), os concursos en liña (Kahoot...) ou a visualización de DVDs.
- Estreito seguimento do alumnado, comentando cos demais profesores as súas actitudes e avances.
- Incitación á reflexión sobre os conceptos musicais relacionados con cada período histórico abordado.
- Realización de lecturas e de comentarios de textos.
- Fomento do diálogo, autocrítica e unha actitude encamiñada cara a un posterior desenvolvemento persoal e musical.

5. Atención á diversidade

Dado que é posible que no grupo de alumnado existan necesidades educativas especiais, temos que considerar na nosa proposta a devandita circunstancia a través da concepción aberta e flexible da nosa programación didáctica. Non obstante, a administración educativa ten a obriga de dotar dos medios necesarios (persoais, temporais e materiais) para estas necesidades específicas poidan ser cubertas con éxito por parte da comunidade educativa.

As necesidades específicas poden responder a cuestións de diferente natureza: dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias), dificultades debidas a alteracións da conduta (trastorno de déficit de atención, hiperactividade), necesidades debidas a deficiencias físicas permanente ou temporais, déficit ou superdotación intelectual.

Por toda esta variedade as estratexias de actuación deben ser flexibles con respecto a cada caso particular, xa que nunha clase colectiva o tratamento individualizado ás veces faise complexo. Prevense as seguintes accións:

- Adecuación do programa da materia a través de actividades deseñadas especificamente para cada caso.
- Reforzo do horario lectivo do alumnado por medio de titorías individualizadas.
- Oferta de esquemas alternativos dos contidos e dos textos que se propoñen para ser lidos na clase, adaptados ao grao de déficit ou superdotación de cada alumna ou alumno.
- Uso de procedementos de avaliación específicos adaptados ás necesidades especiais en cada caso.

6. Temas transversais

6.1. Educación en valores

O alto índice de contidos a impartir na materia de Historia da Música demanda a aplicación de métodos e técnicas planificadas e eficaces que permitan ao alumnado non só adquirir os coñecementos precisos sobre os diferentes estilos musicais e os

seus compositores, senón aprehender aquelas ferramentas que permitan unha aplicación práctica destes coñecementos nos seus respectivos instrumentos e na súa vida diaria.

A peculiaridade desta materia está en ofrecer un conxunto orgánico de sesións que acheguen por medio de aspectos eminentemente prácticos aqueles parámetros teóricos que todo músico debe ter no seu haber. Pero o coñecemento sobre a música pode servir de plataforma para ensinar ao noso alumnado valores esenciais que poden aplicar á súa vida cotiá. Este valores xorden de aspectos conceptuais, procedimentais e actitudinais presentes na aula.

No tocante ao aspectos conceptuais é interesante afondar en cuestións de comportamento cívico a raíz do estudo do periplo vital de cada compositor ou músico estudado. O esforzo individual, a superación persoal, o valor do traballo constante e a capacidade de rexeneración de moitos dos compositores e intérpretes estudados poden servir de guía para o noso alumnado. Do mesmo xeito, apostarase por eludir tópicos de xénero asociados á musicoloxía tradicional, procurando levar á aula o maior número de achegas femininas posibles.

No terreo dos aspectos procedimentais é destacable a posta de valor do traballo en equipo, xa que moitas das actividades deseñadas e levadas a cabo na aula, fomentan este tipo de xestión. O valor do diálogo, a predisposición á escoita dos demais, a capacidade de empatía co outro, o respecto cara as opinións diferentes ou a potenciación da axuda aos demais son algúns dos valores que sustentan o traballo desenvolvido na aula. Así mesmo, ínstase ao alumnado a que se ofrezca de voluntario para compartir a súa capacidade de facer música fóra do conservatorio, especialmente en colectivos desfavorecidos, xa que é unha práctica enriquecedora a nivel musical e persoal.

No ámbito actitudinal non se tolerarán comportamentos raciais, sexistas, homófobos ou pouco respectuosos cos demais. Neste senso a prohibición totalitaria non actúa como unha ferramenta infalible, polo que se avogará polo emprego de técnicas colaborativas nas que sexa o propio colectivo da aula o que evidencie a incomodidade suscitada por ditos comportamentos.

6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

A docencia musical vense enfrontando nos últimos decenios a importantes retos propiciados polos rápidos cambios tecnolóxicos, sociais, políticos e económicos que marcan a sociedade contemporánea, na que novas e vellas ideas educativas conviven e pugnan por guiar a ensinanza neste intre de continua mudanza. Empregando aulas virtuais, blogs ou wikis podemos instar a que o alumnado sexa o creador dos seus propios contidos dixitais e multimedia relacionados coa materia, fomentando así a creatividade e a capacidade crítica e contribuindo a deixar unha porta aberta aos seus propios intereses con respecto a estilos musicais ou compositores.

Non cabe dúbida de que na nosa cultura o poder do visual e do auditivo gana terreo fronte ao oral, de aí que no caso da nosa materia o emprego de material audiovisual é dobremente fundamental, xa que un dos principais obxectivos é o de achegarse sensorialmente aos diversos estilos musicais. Ante a falta de concertos diarios en directo á carta podemos realizar este achegamento a través de discos, CDs e outro tipo de soportes de audio (MP3, MP4), así como de bibliotecas musicais virtuais como *Spotify*, *Deezer* ou *Last.fm*. O uso de vídeos tamén constitúe unha ferramenta indispensable, non só a través da visualización de concertos e óperas, senón tamén por medio de películas que contribúan a situar ao alumnado nun contexto musical concreto. Hai unha variedade de filmes que nos trasladan aos diferentes momentos da nosa historia musical, moitos deles dispoñibles na rede.

As ferramentas dixitais en clave pedagóxica serían aquelas redes, terminais e servizos tecnolóxicos que serven para realizar un proceso cuns fins educativos. En termos tecnolóxicos podemos clasificalas en tres grupos diferenciados: as de acceso á información, as de creación e edición de información e as que facilitan a relación cos outros. No primeiro grupo insírense aquelas ferramentas dixitais que ofrecen información e serven de plataformas de publicación (*blogs*, *wikis*), bases de datos de audio (*iTunes*, *podcasts*), vídeo (*YouTube*, *Vimeo*), sitios de novas, portais de información específica, etc. Para a materia de Historia da Música son de especial interese as páxinas de centros de documentación, museos de música, fontes musicais internacionais, de partituras musicais gratuítas ou revistas electrónicas.

As ferramentas para a creación e edición de información son verdadeiramente variadas, abranguendo desde wikis de participación colectiva a suites ofimáticas de escritorio (*OpenOffice*) e de rede (*GDocs*), pasando por ferramentas de mapas mentais (*CMapTools*, *Mindomo*), ferramentas de edición e difusión de partituras (*Musescore*, *Imslp*), de audio (*Audacity*), de creación de presentacións (*Open Office Impress*, *Slideshare*, *Prezi*) e calquera outro tipo de software capaz de xestionar e editar información.

Por último, e moi en voga nos últimos tempos, atópanse as ferramentas que facilitan a relación cos outros, coñecidas comunmente como “redes sociais”, que permiten unha relación ubicua, podendo establecerse espazos selectivos de aprendizaxe, que poden implicar unha reciprocidade voluntaria. As redes poden ser de tres tipos, dependendo do seu propósito: as que permiten unha relación a través de obxectos de información como textos, vídeos, fotografías ou presentacións (*YouTube*, *TikTok*); as que se basean no concepto de compartir sitios, experiencias e mesmo recursos para aprender (*Twitter*); e aquelas que serven para establecer interaccións comunicativas entre as persoas (*Facebook*, *LinkedIn*).

Hoxe temos á nosa disposición a posibilidade de empregar novas ferramentas que faciliten a educación de cidadáns con competencias propias do século XXI. O alumnado pode grazas ás novas competencias dixitais, en combinación cos métodos máis tradicionais, converterse en creadores de contidos en linguaxes e formatos dixitais.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Coa pretensión de abrir a música teórica ao mundo real, téñense deseñado ao abeiro deste departamento varias propostas que dinamizan a vida cultural do centro educativo.

A miúdo prográmanse no centro un elevado número de concertos e actividades musicais, polo que se contempla a posibilidade de asistir ás propostas de maior interese para o alumnado, dada a súa idade e curso de grao profesional no que se atopen. Estas actividades de asistencia a concertos dentro do propio centro potencian moitos dos contidos intercurriculares que se presentan nas nosas programacións, así como a vivencia da música dun xeito directo.

8. Secuenciación dos cursos

8.1. Curso 4º Grao Profesional

8.1.1. Obxectivos

1º trimestre

- a) Identificar a través da audición de obras dende a Antigüidade ata a Idade Media e as súas características máis salientábeis.
- b) Estudar os estilos musicais da Antigüidade e Alta Idade Media.
- c) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos da Antigüidade con referencias musicais.
- d) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia dende a Antigüidade e Idade Media, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
- e) Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade á Idade Media.
- f) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.

2º trimestre

- a) Identificar a través da audición de obras da Baixa Idade Media e as súas características máis salientábeis.
- b) Estudar os estilos musicais da Baixa Idade Media.
- c) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos da Idade Media con referencias musicais.
- d) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia da Idade Media, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
- e) Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Idade Media.
- f) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.

3º trimestre

- a) Identificar a través da audición de obras do Renacemento e comezos do Barroco e as súas características máis salientábeis.
- b) Estudar os estilos musicais do Renacemento e do Barroco inicial.
- c) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia da Idade Moderna, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
- d) Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento da Idade Moderna.
- e) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.

8.1.2. Contidos

1º trimestre

- As fontes musicais e o método de audición como forma de coñecemento.
- A Prehistoria e mundo antigo. Grecia e Roma.
- O canto das liturxias cristiáns. O Canto Gregoriano.

2º trimestre

- A monodia profana medieval.
- O nacemento da polifonía. A polifonía aquitana. A Escola de Notre Dame.
- Ars Antiqua e Ars Nova en Francia. Trecento italiano.

3º trimestre

- A transición ó Renacemento. Ars subtilior
- Introducción á música do Renacemento
- O século XV. O primeiro Renacemento
- O século XVI
- Introducción á música do Barroco

8.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

Primeiro trimestre

- 1) *Identifica a través da audición de obras dende a Antigüidade ata a Idade Media e as súas características máis salientábeis.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) *É capaz de comentar exemplos iconográficos representativos da Antigüidade con referencias musicais.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- 3) *Está capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade á Idade Media, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.* Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) *Relaciona a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade á Idade Media.* Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) *Ten autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.* Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Segundo trimestre

- 1) *Identifica a través da audición obras dos séculos XII e XIII, dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova para identificar as seus trazos máis salientables.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o

carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

- 2) *É capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova con referencias musicais.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- 3) *Está capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.* Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) *Relaciona a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova.* Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) *Ten autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados no trimestre, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.* Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Terceiro trimestre

- 1) *Identifica a través da audición obras da época do Renacemento e os inicios do Barroco para identificar as seus trazos máis relevantes.* Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) *É capaz de comentar exemplos iconográficos representativos da época do Renacemento e os inicios do Barroco con referencias musicais.* Este criterio

avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

- 3) *Está capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue da época do Renacemento e os inicios do Barroco, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.* Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) *Pode relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento da época do Renacemento e os inicios do Barroco.* Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) *Ten autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.* Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Mínimos esixibles

- Realizar unha proba escrita e/ou oral sobre os contidos do 4º curso de Historia da Música da presente programación, debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**.
- Presentar obrigatoriamente por escrito un traballo anual de crítica musical sobre unha gravación audiovisual de libre elección sobre repertorio de música “cult”, que debe constar como mínimo das seguintes partes:
 - Datos sobre a gravación audiovisual: intérpretes, discográfica, título, ano de gravación, contidos.
 - Explicación da biografía e da obra do compositor dunha das pezas da gravación.

- Comentario de audición dun fragmento ou da obra completa elixida.
- Comparación crítica desta versión da obra elixida con respecto a outra.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os instrumentos de avaliación para a materia de Historia da Música basearanse na observación directa, nos traballos escritos e en probas específicas, todo anotado con detalle no caderno do alumno ou alumna. A avaliación do alumnado constará de varias fases:

Avaliación inicial: será realizada ao comezar o curso, momento no que trataremos de detectar o grao de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos, dado que é o primeiro ano que o alumnado cursa a materia. No inicio de cada unidade didáctica procuraremos facer unha enquisa oral para observar o grao de coñecemento do tema por parte de cada alumna e alumno.

Avaliación formativa: Avaliaremos oralmente nas sesións presenciais ou non presenciais (a través da aula virtual) o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada, que se anotará diariamente no caderno do alumnado.

- Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán importantes para avaliar los contidos actitudinais.
- Realizaremos exercicios e actividades na aula (presencial ou virtual), que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de texto, de partituras e de audicións).

Avaliación final: A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria polo que a avaliación do proceso de aprendizaxe será continuada. En cada trimestre o alumno ou alumna obterá unha nota, da que se fará unha media para a nota da avaliación final. A nota de cada trimestre dependerá dos seguintes parámetros:

- Probas escritas e/ou orais trimestrais, coas súas respectivas recuperacións (50%).
- Traballo práctico anual de entrega obrigatoria por escrito e impreso na data límite que se estipule ao comezo do curso (10%).
- Exercicios escritos e orais, individuais ou en equipo, realizados na clase ou aula

virtual de forma puntual para fixar contidos teóricos e prácticos: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas, etc. (30%).

- Hábitos de traballo diario nas clases presenciais ou, de ser o caso, na aula virtual, tendo en conta que a avaliación deste punto estará baixo o estrito criterio do docente (10%).
- Propóranse igualmente unha serie de traballos optativos que nunca restarán nota ao alumnado, senón que contarán de forma positiva e serán determinantes en caso de que a nota estea como moito a tres décimas da seguinte cualificación.

A nota final da materia será o resultado da media obtida das cualificacións de cada un dos trimestres, sendo indispensable ter unha **nota mínima de 5** en cada avaliación. No caso que de nunha avaliación non se obtivese a cualificación precisa, poñeranse a disposición do alumnado diversos mecanismos de recuperación que lle permitan acadar os obxectivos mínimos.

Todo alumno ou alumna que non superase dúas das tres avaliacións do curso académico deberá facer unha proba na que entrará a totalidade da materia do curso, ademais da correspondente entrega do traballo obrigatorio anual.

O traballo anual entregárase impreso, mentres que os exercicios de análise e comentarios solicitados na clase poderán ser escritos á man. No caso de ser entregados a través da Aula Virtual é preferible que se fagan en procesador de textos. Cada traballo ou exercicio será corrixido, puntuado e devolto ao seu autor ou autora previamente á realización da correspondente proba trimestral sempre que sexa entregado en tempo.

Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre o 1 e o 10, sendo o 1 a mínima cualificación e o 10 a máxima. A nota individual de cada alumno ou alumna dependerá dos seguintes apartados:

- 1) Probas trimestrais (50% da nota final), onde se cualificarán os seguintes aspectos:
 - Uso axeitado da terminoloxía musical.

- Capacidade de comentario de audición e de textos.
 - Adecuación pregunta/resposta.
 - Corrección formal (lexibilidade, marxes...) e ortográfica.
 - Capacidade de síntese.
 - Capacidade de definición.
 - Capacidade de argumentación e razoamento.
- 2) Observación sistemática dos hábitos de traballo diario nas sesións presenciais (10% da nota final), onde se cualificarán os seguintes aspectos:
- Valoración da atención e puntualidade.
 - Colaboración e respecto no traballo.
 - Predisposición, atención e aceptación do silencio.
 - Achegas ao traballo en grupo.
- 3) Análise das producións escritas e orais dos alumnos (40% da nota final), onde se cualificarán os seguintes aspectos:
- Sobre o traballo obrigatorio anual (10%):
 - Adecuación dos contidos ao solicitado.
 - Corrección formal e ortográfica.
 - Capacidade de argumentación e razoamento.
 - Capacidade de síntese.
 - Orixinalidade e creatividade.
 - Capacidade de comentario musical.
 - Capacidade de exposición oral sintética e clara.
 - Sobre os exercicios escritos e orais de clase (30%) (O alumnado disporá dun cadro de criterios de cualificación para cada exercicio proposto na aula.)
 - Uso axeitado da terminoloxía musical.
 - Achegas ao traballo en grupo.

- Adecuación pregunta/resposta.
- Capacidade de síntese.
- Capacidade de argumentación.
- Boa presentación en tempo e forma.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

No caso de que o alumno ou alumna quixese optar á ampliación de matrícula, ademais de solicitala na Secretaría do Centro no prazo estipulado, deberá ter superados os obxectivos marcados para todo o curso de 4º de Grao Profesional de Historia da Música. Para iso realizarase unha proba escrita da totalidade da materia nas datas que sinale o centro e será requisito indispensable obter como mínimo unha cualificación de 5. Así mesmo deberá presentar o traballo obrigatorio anual de crítica musical nesa mesma data, co fin de dar por superada a materia de todo o curso.

8.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

En canto ás medidas de recuperación, os alumnos e alumnas disporán de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna só poderá optar a unha proba de recuperación escrita por trimestre. Se o alumno ou alumna suspende dúas das tres avaliacións, terá a posibilidade de superar a materia por medio dunha proba final escrita que se fará a finais de maio ou principios de xuño.

Se o alumno non supera os criterios de avaliación asociados aos traballos de entrega obrigatoria, o docente poderá dispor de mecanismos auxiliares de recuperación por medio da realización de novos traballos titorizados, que incidan nos contidos e obxectivos que o alumno ou alumna non acadase.

Se o alumno ou alumna queda na súa nota final a tres décimas da cualificación seguinte, terá a posibilidade de mellorar a nota presentando algún traballo optativo titorizado polo docente da materia no prazo estipulado. O docente reservarase en cada caso a potestade de anular esta disposición dependendo das actitudes do alumno ou alumna fronte á aprendizaxe da materia.

Probas extraordinarias

No mes de xuño porase á disposición do alumnado a posibilidade de superar a materia realizando unha proba escrita sobre a totalidade dos contidos de Historia da Música de 4º de Grao Profesional. A estrutura da proba incluírá preguntas tipo tema (con texto de base ou non), varias preguntas curtas, varias preguntas tipo test e comentarios de audición.

Será de entrega obrigatoria tamén o traballo de crítica musical, descrito nos apartados anteriores como traballo obrigatorio anual.

Optativamente o alumno ou alumna poderá presentar outros traballos escritos sobre algúns dos aspectos contidos no programa da materia, co fin de subir a súa nota final sempre e cando se atope como mínimo a tres décimas da seguinte cualificación.

8.1.5. Recursos didácticos

Material para a preparación da materia

- Apuntes de clases estruturados en 12 temas (4 temas por avaliación), facilitados a través da rede en formato PDF.
- Audicións que cada alumno e alumna deberá localizar na web ou nas bibliotecas que teña á súa disposición.
- Consultar ou dispoñer dalgún destes libros, que serán de uso para os dous cursos de Historia da Música do Grao Profesional:
- BURKHOLDER, Peter; GROUT, Donald e PALISCA, Claude. *Historia de la música occidental*. Madrid; Alianza, 2008. 7a edición (versión orixinal en inglés: 2006).
- MICHELS, U. *Atlas de la música*. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols.
- SADIE, Stanley. *Guía Akal de la música*. Madrid: Akal, 2000.
- VV.AA. *El libro de la música clásica*. Madrid: Akal, 2019.

Recursos usados para a aula

- Recursos audiovisuais: equipo de son, canón de proxección, lector de DVD, ordenador...

- Recursos por escrito: apuntes de clases estructurados en 12 temas, facilitados a través da web en formato PDF, coas súas respectivas actividades didácticas.

Recursos para a ampliación da materia

- ALÉN, M.P. *Historia da música galega. Cantos, cantigas e cánticos*. Vigo: A Nosa Terra, 1997*. [Os libros marcados con * están na biblioteca do centro]
- ANDRÉS, Ramón. *Diccionario de instrumentos musicales. Desde la Antigüedad a J. S. Bach*. Barcelona: Península, 2001, 1º edición 1995.
- ATLAS, A.W. *La música del renacimiento*. Madrid: Akal, 2002*.
- BASSO, A. *La época de Bach y Haendel*. Madrid: Tuner, 1986*.
- BUKOFZER, M.F. *La música en la época barroca. De Monteverdi a Bach*. Madrid: Alianza Música, 1994, 3ª edición.
- CALDWELL, J. *La música medieval*. Madrid: Alianza, 1984*.
- CASARES RODICIO, E. (ed.) *Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana*. Madrid: SGAE, 1999*.
- COMOTTI, G. *La música en la cultura griega y romana*. Madrid: Turner, 1986*.
- COSTA, Luís. “A orixe das cantigas: contexto historiográfico”, en *Cantigas do mar: Homenaxe a Joan de Cangas, Mendinho e Martín Códax* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1998), 55-75.
- _____. “Algunhas cuestións de teoría e de método verbo da investigación da música de tradición oral en Galicia”, en *Encontros O son da memoria* (Santiago: Consello da Cultura Galega- Arquito Sonoro de Galicia, 2004), 169-209.
- FERNÁNDEZ DE LA CUESTA, I. *Historia de la música española. 1. Desde los orígenes hasta el “ars nova”*. Madrid: Alianza Música, 1983*.
- FUBINI, E. *La estética musical. Desde la Antigüedad a nuestros días*. Madrid: Alianza, 1988*.
- _____. *Música y estética en la época medieval*. Madrid: Eunsa, 2007*.
- GALLICO, C. *La época del Humanismo y del Renacimiento*. Madrid: Turner, 1986.
- GALLO, A. *Historia de la música 3. El medievo*. Madrid: Turner, 1987.
- GARBAYO, J. “O esplendor do barroco musical en Galicia”, en *O feito*

- diferencial de música*, vol.2 (Santiago: Museo do Pobo Galego, 1998), 121-177.
- GRIFFITHS, Paul. *Breve historia de la música occidental*. Madrid: Akal, 2009.
 - GROUT, D. y PALISCA, C. *Historia de la música occidental*. Madrid: Alianza, 1986, 2 vols.
 - HILL, J. W. *La música Barroca*. Madrid: Akal, 2008*.
 - HOPPIN, R. *La música medieval*. Madrid: Akal, 1991*.
 - LÓPEZ CALO, J. *La música medieval en Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982*.
 - LÓPEZ COBAS, Lorena. *Historia da música en Galicia*. Sarria (Lugo): Ouvirmos, 2013.
 - MICHELS, U. *Atlas de la música*. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols*.
 - PALISCA, C.V. *La música en el barroco*. Buenos Aires: Editorial Víctor Lerú, 1978.
 - PÉREZ ARROYO, Rafael. *Egipto. La música en la era de las pirámides*. Madrid: Ediciones Centro de Estudios Egipcios, 2001.
 - REESE, G. *La música en la Edad Media*. Madrid: Alianza, 1988*.
 - _____. *La música en el Renacimiento*. Madrid: Alianza, 1988*.
 - ROWELL, L. *Introducción a la filosofía de la música*. Barcelona: Gedisa, 1999.
 - SADIE, S. (ed.) *The New Grove's Dictionary of Music and Musicians*. Londres: Macmillan Press Limited, 1954*.
 - _____ (ed.). *The New Grove Dictionary of Musical Instruments*. Londres: Macmillan Press Limited, 1984*.
 - _____. *Guía Akal de la música*. Madrid: Akal, 2000*.
 - VILLANUEVA, Carlos. "Criterios, fontes e materiais para a interpretación da música medieval galega", en *O feito diferencial galego* (Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1998), vol. 2, 41-119.
 - _____. "As cantigas do mar de Martín Códax", en *Cantigas do mar: Homenaxe a Joan de Can- gas, Mendo e Martín Códax* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1998), 13-54.

8.2. Curso 5º Grao Profesional

8.2.1. Obxectivos

1º trimestre

- a) Coñecer o estilo musical dos séculos XVII e XVIII.
- b) Identificar a través da audición de obras do Renacemento e barrocas e as súas características máis relevantes.
- c) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
- d) Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento.
- e) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas.

2º trimestre

- a) Coñecer a música dos estilos do Clasicismo e Romanticismo.
- b) Identificar a través da audición obras do Clasicismo, Romanticismo e Nacionalismos para sinalar as seus trazos máis salientables.
- c) Identificar a través de partituras: xéneros, autores, trazos musicais e cronoloxías determinadas.
- d) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
- e) Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento desta época.
- f) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.

3º trimestre

- a) Coñecer a música do século XX e XXI.
- b) Identificar a través da audición e das partituras obras do século XX para sinalar os seus trazos máis relevantes.

- c) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue desta época, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
- d) Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento deste século.
- e) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas.

8.2.2. Contidos

1º trimestre

- Barroco (I). A música vogal na segunda metade do século XVII e primeira metade do XVIII
- Barroco (II). A música instrumental na segunda metade do século XVII e primeira metade do XVIII.
- Preclasicismo musical

2º trimestre

- Clasicismo musical: Haydn e Mozart
- A transición cara o Romanticismo: Beethoven
- A música instrumental no Romanticismo
- A música vogal no Romanticismo
- Diversidade de estilos musicais a finais do século XIX e principios do XX.
Nacionalismos musicais

3º trimestre

- A vangarda en Francia e Rusia: impresionismo e outras figuras de transición
- Expresionismo, Atonalidade e Dodecafonismo. A segunda Escola de Viena
- As vangardas musicais
- Neoclasicismo na música
- A música despois da segunda Guerra Mundial (I) Música Concreta, Electrónica e Electroacústica

- A música despois da segunda Guerra Mundial (II) Serialismo integral, Música Aleatoria e outras tendencias

8.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

Primeiro trimestre

- 1) Identifica a través da audición de obras do Barroco e as súas características máis relevantes. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) É capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dos séculos XVII e XVIII con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- 3) Está capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) Relaciona a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) Ten autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Segundo trimestre

- 1) Identifica a través da audición obras do Clasicismo, Romanticismo e Nacionalismos para identificar as seus trazos máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) Identifica a través de partituras: xéneros, autores, trazos musicais e cronoloxías determinadas. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para relacionar a teoría coa práctica musical.
- 3) Está capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) Relaciona a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento desta época. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) Ten autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz. Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Terceiro trimestre

- 1) Identifica a través da audición e das partituras obras do século XX para identificar as seus trazos máis relevantes. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) Está capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue desta época, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este

criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

- 3) Relaciona a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento deste século. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 4) Ten autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Mínimos esixibles

- Realizar unha proba escrita e/ou oral sobre os contidos do 5º curso de Historia da Música (páxina 29), debendo obter como mínimo unha cualificación igual ou superior a **5**.
- Presentar obrigatoriamente por escrito un traballo anual de lectura dun libro sobre música ou músicos de libre elección, que debe constar como mínimo das seguintes partes:
 - o Identificación do libro: autor, título, editorial, cidade de edición, ano, páxinas, número de edición, tradutor se procede.
 - o Breve resumo xeral do libro.
 - o Resumo por capítulos.
 - o Reflexión fundamentada sobre un dos capítulos do libro (de libre elección), empregando como material de apoio outras lecturas sobre o mesmo tema.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os instrumentos de avaliación para a materia de Historia da Música basearanse na observación directa, nos traballos escritos e en probas específicas, todo anotado con detalle no caderno do alumno ou alumna. A avaliación do alumnado constará de varias fases:

Avaliación inicial: será realizada ao comezar o curso, momento no que trataremos de detectar o grao de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos. As observacións personalizadas, así como as circunstancias emocionais máis concretas aparecerán reflectidas no caderno do alumnado. Así mesmo, no inicio de cada unidade didáctica procuraremos facer unha enquisa para observar o grao de coñecemento do tema por parte de cada alumna e alumno.

Avaliación formativa: Avaliaremos oralmente nas sesións presenciais o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada, que se anotará diariamente no caderno do alumnado.

- Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán importantes para avaliar los contidos actitudinais.
- Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de texto, de partituras e de audicións).

Avaliación final: A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria polo que a avaliación do proceso de aprendizaxe será continuada. En cada trimestre o alumno ou alumna obterá unha nota concreta, da que se fará unha media para a nota da avaliación final. A nota de cada trimestre dependerá dos seguintes parámetros:

- Probas escritas e/ou orais trimestrais, coas súas respectivas recuperacións (50%).
- Traballo práctico anual de entrega obrigatoria por escrito e impreso na data límite que se estipule ao comezo do curso (10%).
- Exercicios escritos e orais, individuais e en equipo, realizados na aula presencial ou virtual para fixar contidos teóricos e prácticos: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas,

etc. (30%).

- Hábitos de traballo diario nas clases presenciais ou, de ser o caso, na aula virtual, tendo en conta que a avaliación deste punto estará baixo o estrito criterio do docente (10%).
- Propóranse igualmente unha serie de traballos optativos que nunca restarán nota ao alumnado, senón que contarán de forma positiva e serán determinantes en caso de que a nota estea como moito a tres décimas da seguinte cualificación.

A nota final da materia será o resultado da media obtida das cualificacións de cada un dos trimestres, sendo indispensable ter unha **nota mínima de 5** en cada avaliación. No caso que de nunha avaliación non se obtivese a cualificación precisa, poñeranse a disposición do alumnado diversos mecanismos de recuperación que lle permitan acadar os obxectivos mínimos.

Todo alumno ou alumna que non superase dúas das tres avaliacións do curso académico deberá facer unha proba na que entrará a totalidade da materia do curso, ademais da correspondente entrega do traballo obrigatorio anual.

O traballo anual entregarase impreso, mentres que os exercicios de análise e comentarios solicitados na clase poderán ser escritos á man, agás no caso de ser entregados a través da Aula Virtual. Cada traballo ou exercicio será corrixido, puntuado e devolto ao seu autor ou autora previamente á realización da correspondente proba trimestral, sempre e cando sexa entregado en tempo.

Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre o 1 e o 10, sendo o 1 a mínima cualificación e o 10 a máxima. A nota individual de cada alumno ou alumna dependerá dos seguintes apartados:

- 1) Probas trimestrais (50% da nota final), onde se cualificarán os seguintes aspectos:
 - Uso axeitado da terminoloxía musical.
 - Capacidade de comentario de audición e de textos.
 - Adecuación pregunta/resposta.

- Corrección formal (lexibilidade, marxes...) e ortográfica.
 - Capacidade de síntese.
 - Capacidade de definición.
 - Capacidade de argumentación e razoamento.
- 2) Observación sistemática dos hábitos de traballo diario nas sesións presenciais (10% da nota final), onde se cualificarán os seguintes aspectos:
- Valoración da atención e puntualidade.
 - Colaboración e respecto no traballo.
 - Predisposición, atención e aceptación do silencio.
 - Achegas ao traballo en grupo.
- 3) Análise das producións escritas e orais dos alumnos (40% da nota final), onde se cualificarán os seguintes aspectos:
- Sobre o traballo obrigatorio anual (10%):
 - o Adecuación dos contidos ao solicitado.
 - o Corrección formal e ortográfica.
 - o Orixinalidade e creatividade.
 - o Capacidade de argumentación e razoamento.
 - o Capacidade de síntese.
 - o Capacidade de exposición oral sintética e clara.
 - o Capacidade de reflexión sobre aspectos musicais.
 - Sobre os exercicios escritos e orais de clase (30%) (O alumnado disporá dun cadro de criterios de cualificación para cada exercicio proposto na aula.)
 - o Uso axeitado da terminoloxía musical.
 - o Intervencións orais na clase e nos debates.
 - o Achegas ao traballo en grupo.
 - o Adecuación pregunta/resposta.
 - o Capacidade de síntese.
 - o Capacidade de colaboración e respecto no traballo.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

No caso de que o alumno ou alumna quixese optar á ampliación de matrícula, ademais de solicitala na Secretaría do Centro no prazo estipulado, deberá ter superados os obxectivos marcados para todo o curso de 5º de Grao Profesional de Historia da Música. Para iso realizarase unha proba escrita da totalidade da materia nas datas que sinale o centro e será requisito indispensable obter como mínimo unha cualificación de 5. Así mesmo deberá presentar o traballo obrigatorio anual de lectura dun libro sobre música nesa mesma data, co fin de dar por superada a materia de todo o curso.

8.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

En canto ás medidas de recuperación, os alumnos e alumnas disporán de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna só poderá optar a unha proba de recuperación escrita por trimestre. Se o alumno ou alumna suspende dúas das tres avaliacións, terá a posibilidade de superar a materia por medio dunha proba final escrita que se fará a finais de maio ou principios de xuño.

Se o alumno non supera os criterios de avaliación asociados aos traballos de entrega obrigatoria, o docente poderá dispor de mecanismos auxiliares de recuperación por medio da realización de novos traballos titorizados, que incidan nos contidos e obxectivos que o alumno ou alumna non acadase.

Se o alumno ou alumna queda na súa nota final a tres décimas da cualificación seguinte, terá a posibilidade de mellorar a nota presentando algún traballo optativo titorizado polo docente da materia no prazo estipulado. O docente reservarase en cada caso a potestade de anular esta disposición dependendo das actitudes do alumno ou alumna fronte á aprendizaxe da materia.

Probas extraordinarias

No mes de xuño porase á disposición do alumnado a posibilidade de superar a materia realizando unha proba escrita sobre a totalidade dos contidos de Historia da Música de 5º de Grao Profesional. A estrutura da proba incluírá preguntas tipo tema

(con texto de base ou non), varias preguntas curtas, varias preguntas tipo test e comentarios de audición.

Será de entrega obrigatoria tamén o traballo de lectura dun libro sobre música, descrito nos apartados anteriores.

Optativamente o alumno ou alumna poderá presentar outros traballos escritos sobre algúns dos aspectos contidos no programa da materia, co fin de subir a súa nota final sempre e cando se atope como mínimo a tres décimas da seguinte cualificación.

8.2.5. Recursos didácticos

Material para a preparación da materia

- Apuntes de clases estruturados en 12 temas (4 temas por avaliación), facilitados a través da web en formato PDF.
- Audicións que cada alumno e alumna deberá localizar na web ou nas bibliotecas que teña á súa disposición.
- Consultar ou dispoñer dalgún destes libros, que serán de uso para os dous cursos de Historia da Música do Grao Profesional:
- BURKHOLDER, Peter; GROUT, Donald e PALISCA, Claude. *Historia de la música occidental*. Madrid; Alianza, 2008. 7a edición (versión orixinal en inglés: 2006).
- MICHELS, U. *Atlas de la música*. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols.
- SADIE, Stanley. *Guía Akal de la música*. Madrid: Akal, 2000.
- VV.AA. *El libro de la música clásica*. Madrid: Akal, 2019.

Recursos para a aula

- Recursos audiovisuais: equipo de son, canón de proxección, lector de DVD, ordenador
- Recursos escritos: apuntes de clases estruturados en 12 temas, facilitados a través da web en formato PDF, coas súas respectivas actividades.

Recursos para a ampliación da materia

Bibliografía

- ABRAHAM, Gerald. *Cien años de música*. Madrid: Alianza, 1985.
- ADORNO, Theodor W. *Filosofía de la nueva música*. Madrid: Akal, 2003.
- ALÉN, M.P. *Historia da música galega. Cantos, cantigas e cánticos*. Vigo: A Nosa Terra, 1997.
- ANCESCHI, L. *La idea del Barroco. Estudios sobre un problema estético*. Madrid: Tecnos, 1991.
- ANDRÉS, Ramón. *Diccionario de instrumentos musicales. Desde la Antigüedad a J. S. Bach*. Barcelona: Península, 2001, 1º edición 1995.
- BAINES, A. *Musical Instruments through the Ages*. Londres: Penguin Books, 1971.
- BARBLAN, G. "Il termine "Barocco" e la musica" en *Miscelánea en homenaje a monseñor Higinio Anglés*, vol.1 (Barcelona: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1961), 93- 110.
- BASSO, Alberto. *La época de Bach y Haendel*. Madrid: Turner, 1986.
- BENEDETTO, Renato di. *Historia de la música. 7, el siglo XIX*. Primera parte: Madrid: Turner, 1987.
- BENT, Ian. *Music analysis in the nineteenth century. 1, Fugue, form and style*. Cambridge: Cambridge University Press, 1994.
- BIANCONI, Lorenzo. *Historia de la música. El siglo XVII*. Madrid: Turner, 1986.
- BUKOFZER, M.F. *La música en la época barroca. De Monteverdi a Bach*. Madrid: Alianza Música, 1994, 3ª edición.
- CASARES RODICIO, E. "La música barroca: análisis formal e ideológico" en *La música en el barroco* (Oviedo: Universidad de Oviedo, Oviedo, 1977), 15-50.
- CASARES RODICIO, E. (ed.) *Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana*. Madrid: SGAE, 1999.

- DIBELUIS, Ulrich. *La música contemporánea a partir de 1945*. Madrid: Akal, 2004.
- DOWNS, Philip G. *La música clásica: la era de Haydn, Mozart y Beethoven*. Madrid: Akal, 1998.
- DOWNS, Philip. *Antología de la música clásica*. Madrid: Akal, 2006.
- DUFOURCQ, N. “La época del bajo continuo (ca. 1600-1750)”, en CHAILLEY, J. *Compendio de Musicología* (Madrid: Alianza Música, 1991), 207-241.
- EINSTEIN, Alfred. *La música en la época romántica*. Madrid: Alianza, 1986.
- FERNÁNDEZ DE LA CUESTA, I. “La época del bajo continuo”, en CHAILLEY, J. *Compendio de Musicología* (Madrid: Alianza Música, 1991), 542-549.
- FUBINI, E. *La estética musical. Desde la Antigüedad a nuestros días*. Madrid: Alianza, 1988.
- GARBAYO, J. “O esplendor do barroco musical en Galicia”, en *O feito diferencial de música*, vol.2 (Santiago: Museo do Pobo Galego, 1998), 121-177.
- GOLDÁRAZ GAÍNZA, Javier. *Afinación y temperamento en la música occidental*. Madrid: Alianza Editorial, 1992.
- GÓMEZ AMAT, Carlos. *Historia de la música española. 5, Siglo XIX*. Madrid: Alianza, 1988.
- GRIFFITHS, Paul. *Breve historia de la música occidental*. Madrid: Akal, 2009.
- GROUT, D. y PALISCA, C. *Historia de la música occidental*. Madrid: Alianza, 1986, 2 vols.
- HILL, John Walter. *La musica barroca: música en Europa occidental, 1580-1750*. Madrid: Akal, 2008.
- KÜHN, Clemens. *Historia de la composición musical en ejemplos comentados*. Barcelona: Idea Books, 2003.
- _____. *Tratado de la forma musical*. Barcelona: Idea Books, 2003.
- LÓPEZ CALO, J. “La música. 1500-1800”, en *Galicia renace* (Santiago: Xunta de Galicia, 1997), 72-84.

- LÓPEZ COBAS, Lorena. *Historia da música en Galicia*. Sarria (Lugo): Ouvirmos, 2013.
- MARCO, Tomás. *Pensamiento musical y siglo XX*. Madrid: SGAE, 2002.
- MEYER, Leonard B. *El estilo en la música: teoría musical, historia e ideología*. Madrid: Pirámide, 2000.
- MICHELS, U. *Atlas de la música*. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols.
- MORGAN, Robert P. *Antología de la música del siglo XX*. Madrid: Akal, 1998.
- MORGAN, Robert P. *La música del siglo XX*. Madrid: Akal, 1999.
- NEUBAUER, John. *La emancipación de la música : el alejamiento de la mimesis en la estética del siglo XVIII*. Madrid: Visor, 1992.
- OROZCO DÍAZ, E. *Introducción al barroco*. Granada: Universidad de Granada, 1988, vol. 1.
- PALISCA, C.V. *La música en el barroco*. Buenos Aires: Editorial Víctor Lerú, 1978.
- _____. "Baroque", en SADIE, Stanley ed. *The New Grove Dictionary of Music and Musicians*, vol.2, (Library of Congress Cataloging in Publication, 1980), 172- 178.
- PLANTINGA, Leon. *La música romántica*. Madrid: Akal, 2002.
- PLANTINGA, Leon. *Antología de la música romántica*. Madrid: Akal, 2008.
- RODRÍGUEZ SUSO, Carmen. *Prontuario de musicología. Música, sonido, sociedad*. Barcelona: Clivis, 2002.
- ROSEN, Charles. *Formas de sonata*. Barcelona: Labor, 1987.
- ROWELL, L. *Introducción a la filosofía de la música*. Barcelona: Gedisa, 1999.
- SALAZAR, A. *Conceptos fundamentales de la historia de la música*. Madrid: Alianza Música, 1988.
- SACHS, Curt. *Storia degli strumenti musicali*. Oscar Mondadori: Milán, 1980, 1º edición 1940.
- SADIE, S. (ed.) *The New Grove's Dictionary of Music and Musicians*. Londres:

Macmillan Press Limited, 1954.

- _____ (ed.). *The New Grove Dictionary of Musical Instruments*. Londres: Macmillan Press Limited, 1984.
- SATIE, Eric. *Memorias de un amnésico y otros escritos*. Madrid: Árdora, 2005.
- STEFANI, G. *Musica barocca. Poetica e ideología*. Milán: Bompiani, 1987.
- STRAUS, Joseph. *Introduction to post-tonal theory*. Englewood Cliffs (New Jersey): Prentice-Hall, 1990.
- TREITLER, Leo. “La interpretación histórica de la música: una difícil tarea”, en *Los últimos diez años de la investigación musical* (Valladolid: Universidad de Valladolid, 2002), 1-36.
- VIRGILI, M^a Antonia (ed.). *Música y literatura en la Península Ibérica, 1600-1750: actas del Congreso Internacional*, Valladolid, 20-21 y 22 de febrero, 1995. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1997.

Webgrafía

- Centro de Documentación de Música e Danza de Madrid (<http://cdmyd.mcu.es/>)
- Museos da música (www.music.ed.ac.uk/euchmi/cimcim/), Museo da música de Barcelona (www.museumusica.bcn.es), Museo da Gaita de Gijón (www.asturies.com/viesca/gaita/museo/museo.htm), *Musée de la musique* en París (www.cite-musique.fr/francais/musee/collections.html).
- Fontes musicais internacionais: Association Internationale de Bibliothèques, Archives et Centres de Documentation (www.iaml.info/fr), Repertorio Internacional de Fontes Musicais (<http://rism.stub.uni-frankurt.de>), Repertorio Internacional de Literatura Musical (<http://rilm.org>), Repertorio Internacional de Prensa Musical (www.rilm.org), Repertorio Internacional de Iconografía Musical (www.ripm.org) e RIdIM (www.ridim.org); e a Asociación Española de Documentación Musical (www.aedom.org).
- Acceso gratuito a partituras musicais: <http://www.mundopartituras.com/>, IMSLP (http://imslp.org/index.php?title=P%C3%83%C2%A1gina_principal&), Biblioteca de Clariperu (partituras clarinete) (<http://www.clariperu.org/>), Mutopia Project

- (<http://www.mutopiaproject.org/>), The Choral Public Domain Library (<http://www.cpd.org/>) , Arquivo de música de Werner Icking Music Archive <http://icking-music-archive.org/index.php> , Project Gutenberg (<http://www.gutenberg.org/browse/categories/4>) , etc.
- Revistas electrónicas sobre música clásica: www.operaactual.com ; www.filomusica.com ; www.calssicscore.hut2.ru; www.orfeoed.com/menu.asp ; www.goldbergweb.com/es; www.opusmusica.com ; www.mundoclasico.com ; www.sinfoniavirtual.com.

9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A autoavaliación é un procedemento que permite ao docente realizar unha reflexión sobre a súa práctica educativa, así como para avaliar e supervisar a efectividade da programación empregada. Para iso será fundamental someter a revisión os aspectos relacionados con obxectivos, temporalización e fases do proceso educativo. Nestes senso serán fundamentais dúas cuestións: que a programación se axuste se sexa coherente coa normativa vixente e que a programación resulte eficaz, eficiente e funcional.

Periodicamente revisarse a cantidade de materia impartida e a conveniencia ou non de continuar coa mesma liña metodolóxica ou facer modificacións en función de:

- Feedback dos alumnos.
- Aproveitamento da clase.
- Nivel de coñecementos previos e adaptación da materia á súa capacidade cognitiva e intereses.
- Probas de avaliación realizadas.
- Cuestionario aos alumnos en clase

Segundo o resultado da revisión, programarase a materia que haberá de impartirse ao longo do próximo período.

Ao longo do curso nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos para detectar os seus progresos e dificultades.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

O profesor informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os integrantes do departamento de Composición estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Ademais dun seguimento individualizado de casos concretos, o departamento terá en conta os seguintes indicativos: grao de cumprimento da programación didáctica; nivel de participación e asistencia ás clases; organización e aproveitamento dos recursos do centro; relacións de convivencia coa comunidade educativa; coordinación entre os departamentos, titores, equipo directivo e claustro de profesores; aplicación dos criterios de avaliación; medidas de reforzo e apoio empregadas; actividades de orientación educativa e profesional; idoneidade da metodoloxía, os materiais curriculares e didácticos empregados; regularidade e calidade da relación cos pais ou representantes legais.

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio

educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado.

Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos.

Ao termo das tres avaliacións realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Axuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

11. Anexos

11.1. Probas de acceso 5º de grao profesional

Contidos

O alumnado que queira acceder a 5º de Grao Profesional deberá realizar unha proba escrita sobre a totalidade dos contidos sinalados para 4º curso de Grao Profesional de Historia da Música, cuxa data será estipulada polo centro. Os contidos para acceder a este

curso inclúen:

- As fontes musicais e o método de audición como forma de coñecemento.
- A Prehistoria e mundo antigo. Grecia e Roma.
- canto das liturxias cristiáns. O Canto Gregoriano.
- A monodia profana medieval.
- O nacemento da polifonía.
- A polifonía aquitana.
- A Escola de Notre Dame.
- Ars Antiqua.
- Ars Nova en Francia.

- Trecento italiano.
- A transición ó Renacemento. Ars subtilior
- Introducción á música do Renacemento
- século XV. O primeiro Renacemento
- século XVI
- Introducción á música do Barroco

Para máis información sobre os contidos de cada curso consúltese o seguinte anexo da presente programación.

Criterios de avaliación e cualificación

Para poder acceder a este curso será obrigatoria a realización dunha proba escrita. A estrutura desta proba incluírá preguntas tipo tema (con texto de base ou non), varias preguntas curtas, varias preguntas tipo test e comentarios de audición.

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre o 1 e o 10, sendo o 1 a mínima cualificación e o 10 a máxima. Na nota da proba escrita cualificaranse os seguintes aspectos:

- Uso axeitado da terminoloxía musical.
- Capacidade de comentario de audición e de textos.
- Adecuación pregunta/resposta.
- Corrección formal (lexibilidade, marxes...) e ortográfica.
- Capacidade de síntese.
- Capacidade de definición.
- Capacidade de argumentación e razoamento.

Optativamente o alumno ou alumna poderá presentar un traballo escrito e impreso sobre algún dos aspectos contidos no programa da materia, co fin de subir a súa nota final, sempre e cando se atope como mínimo a tres décimas da seguinte cualificación.

11.2. Probas de acceso a 6º de grao profesional

Contidos

O alumnado que queira acceder a 6º de Grao Profesional deberá realizar unha proba escrita sobre a totalidade dos contidos sinalados para 4º e 5º curso de Grao Profesional de Historia da Música, cuxa data será estipulada polo centro. Os contidos para acceder a este curso inclúen:

- As fontes musicais e o método de audición como forma de coñecemento.
- A Prehistoria e mundo antigo. Grecia e Roma.
- canto das liturxias cristiáns. O Canto Gregoriano.
- A monodia profana medieval.
- O nacemento da polifonía.
- A polifonía aquitana.
- A Escola de Notre Dame.
- Ars Antiqua.
- Ars Nova en Francia.
- Trecento italiano.
- A transición ó Renacemento. Ars subtilior
- Introducción á música do Renacemento
- O século XV. O primeiro Renacemento
- O século XVI
- Barroco (I). A música vogal na segunda metade do século XVII e primeira metade do XVIII
- Barroco (II). A música instrumental na segunda metade do século XVII e primeira metade do XVIII.
- Preclasicismo musical
- O Clasicismo musical: Haydn e Mozart
- A transición cara o Romanticismo: Beethoven

- A música instrumental no Romanticismo
- A música vogal no Romanticismo
- Diversidade de estilos musicais a finais do século XIX e principios do XX. Nacionalismos musicais
- A vangarda en Francia e Rusia: impresionismo e outras figuras de transición
- Expresionismo, Atonalidade e Dodecafonismo. A segunda Escola de Viena
- As vangardas musicais
- Neoclasicismo na música
- A música despois da segunda Guerra Mundial (I) Música Concreta, Electrónica e Electroacústica
- A música despois da segunda Guerra Mundial (II) Serialismo integral, Música Aleatoria e outras tendencias

Para máis información sobre os contidos de cada curso consúltese o seguinte anexo da presente programación.

Criterios de avaliación e cualificación

Para poder acceder a este curso será obrigatoria a realización dunha proba escrita. A estrutura desta proba incluírá preguntas tipo tema (con texto de base ou non), varias preguntas curtas, varias preguntas tipo test e comentarios de audición.

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre o 1 e o 10, sendo o 1 a mínima cualificación e o 10 a máxima. Na nota da proba escrita cualificaranse os seguintes aspectos:

- Uso axeitado da terminoloxía musical.
- Capacidade de comentario de audición e de textos.
- Adecuación pregunta/resposta.
- Corrección formal (lexibilidade, marxes...) e ortográfica.
- Capacidade de síntese.
- Capacidade de definición.

- Capacidade de argumentación e razoamento.

Optativamente o alumno ou alumna poderá presentar un traballo escrito e impreso sobre algún dos aspectos contidos no programa da materia, co fin de subir a súa nota final, sempre e cando se atope como mínimo a tres décimas da seguinte cualificación.